O secretario xeral do Consello da Cultura critica o discurso "catastrofista" dalgúns sectores sociais en relación á lingua galega. / XABIER PÉREZ

HENRIQUE MONTEAGUDO ▸ Secretario Xeral do Consello da Cultura Galega

"O galego acabará morrendo se seguimos sendo catastrofistas"

Carolina Carballedo
SANTIAGO

CON 25 ANOS de historia, o Consello da Cultura ten ainda moito que dicir. Así nolo corroborada o seu secretario xeral, **Henrique Monteagudo**, co que falamos con motivo da recente inauguración, no Museo do Pobo Galego, da mostra 'Galicia 25. Unha cultura para un novo século' que conmemora o aniversario da institución. **Monteagudo** repasou con nós como evolucionou a nosa cultura neste último cuarto de século.

25 anos dan para moito, como cambiaron as cousas dende entón?

Evolucionamos dun xeito moi importante. En Galicia logramos pasar dunha cultura pechada, só identificada co folclore, para ter unha visión moito máis actualizada. Agora podemos falar xa dunha cultura moito máis aberta e menos dirixida. Isto permítenos ter un nivel cultural moi superior.

Avanzouse, pero, quedarán logros por alcanzar...

Sen dúbida. Agora mesmo creo que o principal problema é que hai unha falta de articulación do noso tecido cultural galego. Precisamos ter unha cultura máis rica e integrada, porque hai un déficit de infraestructura cultural.

Que papel ocuparía aquí a Cidade da Cultura?

Será o noso desafío para o futuro. Pode ser a gran oportunidade para a cultura galega, pero pode ser tamén un paso atrás. O vindeiro goberno terá que telo en conta porque agora xa parece que é algo imparable en liñas xerais.

O Consello é un órgano asesor dos poderes públicos, como foi a consideración da cultura por parte dos distintos gobernos da Xunta?

Foron evoluindo co paso dos anos, chegando a haber momentos nos que o poder político nos deixou un pouco de lado.

Foi ese o caso do último goberno bipartito?

Bueno, nese caso tivemos moitoas relacións, por exemplo, coa consellería de Cultura, pero os contactos con outros departamentos foron case inexistente.

Foi moi discutida a política lingüística levada a cabo.

Sí. Nós, neste sentido xa non tiñamos bos precedentes, pero nestes catro anos, dende a secretaría xeral de Política Lingüística moi lles interesou nada a nosa opinión, foi case un boicot cara o Consello e levaron a cabo unha moi mala política lingüística.

Precisamente nestes días a Mesa pola Normalización alertaba dun elevado descenso do número de galegofalantes...

Sí, pero, sinceramente, creo que non estiveron finos con este estudo. Comparan enquisas con mostras de poboación que non son comparables e por iso saen eses datos. Creo que sacan conclusións que rozan o disparate, cun discurso demasiado catastrofista. Deste xeito dá a sensación de que o galego morre todos os anos e así, acabará morrendo porque a xente se desmoralizará.

Non é tal o problema?

Non digo que o galego non retrocedera e que eso non sexa preocupante e creo que a Mesa fai ben en dicilo, pero hai que cambiar o discurso.

Que se debería facer?

Lonxe de conflictos, a maior parte da cidadanía ten un sentimento a favor da lingua. Só foi falta un gran acordo político, social e institucional.

> **"A Cidade da Cultura pode ser a gran oportunidade ou un paso atrás"**

> **"A maior parte da cidadanía ten un sentimento a favor do galego"**

Con visos de confianza para o goberno de Feijóo

Gran parte da cúpula directiva do Consello da Cultura Galega se reunía hai tan só uns días co presidente electo, **Alberto Núñez Feijóo**. Como explicaba Monteagudo, falaron das políticas para incentivar o galego entrando nun debate "moi franco, sincero e respetuoso" que "fai que as súas políticas sobre o tema nos dean un marxe de confianza", explicaba.

Un cuarto de século traballando pola nosa cultura

O Museo do Pobo Galego acolle ata o vindeiro mes de abril unha mostra patrocinada por Caixanova que fai un percorrido pola historia da nosa cultura no último cuarto de século. Entre outros asuntos, aborda temas relacionados coa arquitectura, medio ambiental, comunicación, deseño, industria ou artes escénicas.

Esquece a crise na Praza.
O noso shopper merca por ti
e o teu diñeiro se estira
e se estiii